

3.3. Prestacións económicas

AO LONGO DO ANO 2004 MEDROU O NÚMERO TOTAL DE BENEFICIARIOS DALGÚN TIPO DE PRESTACIÓN, ACADANDO AS 824,6 MILES DE PERSOAS FRENTE ÁS 819,0 MILES DE PERSOAS DO ANO ANTERIOR. ESTE INCREMENTO VEN EXPLICADO POLA MEDRA DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO E DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS.

Como acontecía no ano 2003, o importe medio das pensións contributivas segue a ser o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas. Asemade, neste último ano volve a incrementarse o diferencial coa media estatal.

PENSÍONS CONTRIBUTIVAS

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2004 cobra- ba algún tipo de pensión da Seguridade Social foi de 685,4 miles de persoas, ascendendo o importe medio das pensións a 478,26 euros. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 0,3% respecto ao ano anterior (0,7% no conxunto do Estado), manténdose inalterada a importancia relativa das mesmas no total estatal no 8,7%.

Ao igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. No ano 2004 Galicia segue a ser a comunidade autónoma co importe medio máis baixo, e continúa medrando o diferencial co importe medio estatal: 98,31 euros inferior en 2004 fronte aos 91,61 euros menos no ano 2003.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 3.3.2.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente foi de 61 miles de pensións en 2004 (59 miles de pensións no ano anterior). Canto ao seu importe medio, este ascendeu ata os 564,24 euros, 100,86 euros inferior á media estatal, e segue a ser a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 541,74 euros, e Extremadura, con 535,57 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 428,3 e 170,3 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,3% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado con 526,06 e 361,75 euros, respectivamente.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que segue aumentado o diferencial coa media estatal, especialmente no caso da incapacidade permanente, xubilación e viuvez. No primeiro caso, o diferencial respecto ao importe do Estado medra en 14,55 euros, pasando este de 96,31 euros en 2003 a 110,86 euros menos en 2004; medra en 7,27 euros no caso das pensión de xubilación, pasando de 115,58 euros a 122,85 euros no 2004; e aumenta en 5,54 euros no caso das pensións de viuvez, pasando de 64,80 euros menos a 70,34 euros menos no derradeiro ano. No caso das pensións por orfandade e favor familiar, o diferencial con respecto á media española, este aumenta en 0,27 euros, sendo o impor-

Beneficiarios e importe medio das prestacións 2003-04: distribución segundo tipo de cobertura

	2003		2004	
	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)
Pensións contributivas	683,2	454,43	685,4	478,26
Incapacidade permanente	59,0	538,44	61,0	564,24
Xubilación	430,1	504,54	428,3	526,06
Viuvez	167,9	331,03	170,3	361,75
Orfandade e favor familiar	26,2	233,59	25,8	250,74
Pensións non contributivas	54,4	310,38	54,4	
Invalidez	21,5	331,85	21,3	
Xubilación	32,9	296,33	33,1	
LISMI	3,9	102,71	3,5	
Pensións asistenciais	0,6		0,3	
Prestacións por desemprego	70,6		75,1	
Contributivas	38,7		41,1	
Subsidios	29,9		29,6	
Renta activa de inserción	2,0		4,4	
RISGA	(beneficiarios a 31-12) 4.499	(media anual) 286,76	(beneficiarios a 31-12) 4.173	(media anual) 293,08
Axudas de emerxencia social	1.834	960,16	1.747	900,56

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

CADRO 3.3.1. ▲ te medio en Galicia 7,96 euros inferior á media estatal no ano 2003 e de 8,23 euros en 2004.

PENSIONES NON CONTRIBUTIVAS

Tal como reflicte o **cadro 3.3.3.**, o número total de beneficiarios das pensións non contributivas permaneceu constante en Galicia no período 2003-2004, ao igual que acontece no conxunto do Estado. Galicia segue a se-la terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 54.434 beneficiarios (o 11,1% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 110.286 e 60.183 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro 3.3.3.** amosa que o 39,2% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 60,8%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso das pensións de invalidez (representa o 10,3% do total estatal) e o aumento das pensións de xubilación (o 11,8% destas pensións no conxunto do Estado).

Xunto á constancia no número de beneficiarios destas pensións non contributivas continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 3.3.4.**, rexistrouse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego foi do 11,6% respecto a 2003 (458 beneficiarios menos), 0,9 puntos porcentuais superior ao experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia ascendeu no ano 2004 a 3.480 beneficiarios (3.938 en 2003), sendo a súa importancia relativa no conxunto de España do 4,9% (4,9% en 2003).

Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2003-04: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número, medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio, en €)

2003

	Totais			Incapacidade permanente (1)			Xubilación			Viuvez			Orfandade e favor familiar		
	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio
Andalucía	1.242,9	504,65		177,0	600,27		663,2	569,15		337,8	382,05		64,9	222,96	
Aragón	262,0	560,54		21,2	706,63		161,1	625,90		71,4	404,40		8,3	262,75	
Asturias	283,4	861,45		31,5	807,71		181,0	774,44		80,8	425,33		10,2	295,13	
Baleares	150,9	493,89		18,4	586,13		88,0	553,03		39,4	355,75		5,1	206,39	
Canarias	213,8	512,67		24,8	561,76		112,9	603,85		61,6	394,05		14,5	222,40	
Cantabria	121,5	466,34		11,5	667,13		72,4	649,11		32,7	393,57		4,9	262,67	
Castela-A Mancha	318,1	499,05		27,4	565,09		188,8	559,04		88,0	391,44		13,8	234,64	
Castela e León	565,5	526,41		41,8	660,53		352,1	588,33		150,0	382,83		21,5	253,99	
Cataluña	1.376,4	564,48		142,4	646,07		842,8	633,89		354,6	399,99		36,6	242,30	
Comunidade Valenciana	767,0	501,13		75,6	575,08		448,0	564,11		213,4	381,74		30,0	223,57	
Extremadura	196,2	463,14		18,5	510,81		110,1	520,27		57,2	381,44		10,5	224,32	
Galicia	883,2	454,33		59,0	538,44		430,1	504,54		167,9	331,03		26,2	233,59	
Madrid	825,1	649,37		61,7	751,27		497,7	757,67		232,2	445,69		33,5	264,47	
Murcia	201,4	485,04		27,8	512,84		112,2	553,80		52,4	368,83		9,0	218,28	
Navarra	104,0	802,61		10,1	765,23		63,1	676,09		26,9	417,38		3,9	270,53	
País Vasco	436,2	691,17		40,6	828,87		257,7	802,12		120,5	464,45		17,3	293,45	
A Ríoxa	57,6	524,40		5,7	627,71		35,5	577,39		14,6	388,51		1,8	258,01	
Ceuta e Melilla	14,1	583,13		1,7	755,35		6,7	718,16		4,6	415,14		1,1	213,72	
Total	7.819,5	546,04		796,7	634,75		4.603,4	620,12		2.106,2	395,83		313,1	241,55	
G/E (%)	8,7			7,4			9,3			8,0			8,4		

2004

	Totais			Incapacidade permanente			Xubilación			Viuvez			Orfandade e favor familiar		
	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio	número	importe	medio
Andalucía	1.254,9	530,81		181,6	627,40		666,6	583,35		343,1	412,23		63,6	239,19	
Aragón	262,6	592,83		21,6	736,83		160,8	657,42		72,0	440,60		8,2	282,49	
Asturias	284,0	700,04		32,3	842,89		160,1	811,09		81,6	472,11		9,9	319,08	
Baleares	151,5	521,59		18,7	611,91		87,8	579,20		39,9	390,30		5,0	219,74	
Canarias	217,8	539,94		25,9	587,72		114,4	630,28		63,1	425,70		14,4	238,30	
Cantabria	122,2	599,92		12,0	705,94		72,2	679,09		33,1	434,99		4,8	283,87	
Castela-A Mancha	318,6	523,74		28,6	592,57		187,5	583,00		88,9	418,30		13,6	252,47	
Castela e León	565,0	554,23		42,1	689,88		350,3	615,21		151,5	414,85		21,2	273,08	
Cataluña	1.387,9	597,71		145,5	683,54		846,1	664,34		360,1	440,67		36,2	257,92	
Comunidade Valenciana	775,0	528,99		77,9	604,84		450,8	590,10		216,7	414,10		29,6	240,28	
Extremadura	196,6	484,44		19,1	535,57		109,7	540,18		57,7	404,84		10,2	240,33	
Galicia	885,4	478,26		61,0	564,24		428,3	526,06		170,3	361,75		25,8	250,74	
Madrid	836,0	687,47		62,3	781,64		505,0	793,48		236,0	491,66		32,7	283,31	
Murcia	203,1	510,35		28,0	541,74		112,9	576,34		53,4	399,60		8,8	235,70	
Navarra	105,4	639,44		10,2	801,91		64,1	712,92		27,3	455,29		3,8	287,44	
País Vasco	440,9	733,16		41,2	867,87		260,9	840,55		122,1	515,82		16,8	314,53	
A Ríoxa	57,8	552,05		5,6	656,60		35,6	603,26		14,7	421,22		1,8	275,11	
Ceuta e Melilla	14,1	614,25		1,7	786,89		6,6	747,58		4,6	452,37		1,1	230,08	
Total	7.878,6	576,57		815,1	665,10		4.619,6	648,91		2.136,4	432,09		307,6	258,97	
G/E (%)	8,7			7,5			9,3			8,0			8,4		

(1) desde decembro de 1997, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2003-04: beneficiarios

	Beneficiarios totais			Invalidez (1)			Xubilación		
	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	109.667	110.286	0,6	47.347	47.274	-0,2	62.320	63.012	1,1
Aragón	10.563	10.206	-3,4	3.110	3.073	-1,2	7.453	7.133	-4,3
Asturias	11.454	11.233	-1,9	5.377	5.296	-1,5	6.077	5.937	-2,3
Baleares	7.982	7.961	-0,3	3.611	3.602	-0,2	4.372	4.359	-0,3
Canarias	41.761	42.043	0,7	19.394	19.531	0,7	22.367	22.511	0,6
Cantabria	6.536	6.450	-1,3	3.058	3.025	-1,1	3.479	3.425	-1,6
Castela-A Mancha	23.829	23.758	-0,3	9.013	9.039	0,3	14.816	14.719	-0,7
Castela e León	28.204	27.778	-1,5	11.370	11.245	-1,1	16.834	16.533	-1,8
Cataluña	60.822	60.183	-1,1	25.905	25.796	-0,4	34.918	34.388	-1,5
C. Valenciana	45.388	47.224	4,0	19.840	20.531	3,5	25.549	26.693	4,5
Extremadura	17.150	17.356	1,2	5.975	6.149	2,9	11.175	11.207	0,3
Galicia	54.419	54.434	0,0	21.523	21.325	-0,9	32.896	33.109	0,6
Madrid	34.567	34.213	-1,0	13.863	13.750	-0,8	20.704	20.463	-1,2
Murcia	15.707	15.539	-1,1	8.127	7.950	-2,2	7.580	7.588	0,1
Navarra	3.473	3.288	-5,3	1.044	1.018	-2,5	2.428	2.270	-6,5
País Vasco	10.317	10.103	-2,1	5.414	5.314	-1,8	4.902	4.789	-2,3
A Ríoxa	2.231	2.179	-2,3	895	870	-2,8	1.336	1.309	-2,0
Ceuta e Melilla	4.276	4.239	-0,9	2.327	2.236	-3,9	1.949	2.003	2,8
Total	488.346	488.473	0,0	207.193	207.024	-0,1	281.155	281.448	0,1
G/E (%)	11,1	11,1		10,4	10,3		11,7	11,8	

(1) Dende xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 3.3.3. ▲

CADRO 3.3.4. ►

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2003-04

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	14.702	13.086	-11,0	17.517	15.785	-9,9
Aragón	2.281	1.999	-12,4	240	193	-19,6
Asturias	2.922	2.423	-17,1	298	239	-19,8
Baleares	731	624	-14,6	564	321	-43,1
Canarias	839	761	-9,3	4.744	4.298	-9,4
Cantabria	1.311	1.218	-7,1	236	209	-11,4
Castela-A Mancha	5.925	5.410	-8,7	2.676	2.354	-12,0
Castela e León	8.811	7.949	-9,8	2.104	1.725	-18,0
Cataluña	7.412	6.523	-12,0	2.280	1.855	-18,6
C. Valenciana	7.334	6.549	-10,7	4.229	3.531	-16,5
Extremadura	6.087	5.404	-11,2	1.813	1.443	-20,4
Galicia	3.938	3.480	-11,6	642	273	-57,5
Madrid	6.001	5.496	-8,4	3.530	3.028	-14,2
Murcia	9.812	8.753	-10,8	1.216	1.033	-15,0
Navarra	-	-	-	253	206	-18,6
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Ríoxa	469	428	-8,7	28	22	-21,4
Ceuta e Melilla	1.093	1.015	-7,1	296	248	-16,2
Total	79.668	71.118	-10,7	42.666	36.763	-13,8
G/E (%)	4,9	4,9		1,5	0,7	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

En relación aos beneficiarios das pensións asistenciais, o devandito **cadro 3.3.4.** amosa que en 2004 rexístrase unha caída superior ao 50% respecto ao número de beneficiarios en 2003, pasando de 642 beneficiarios en 2003 aos 273 beneficiarios do ano 2004. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende do 1,5% de 2003 ao 0,7% do ano 2004.

Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2003-04

	2003					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	16.622	3.838	3.974	14.266	38.700	630,4
Nivel asistencial	(media mensual) 11.991	3.419	4.625	9.860	29.895	559,9
Renta Activa de Inserción	794	310	295	595	1.994	16,3
Total	29.407	7.567	8.894	24.721	70.589	1.206,6
Paro rexistrado (1)	61,3	14,9	17,6	52,2	146,0	1.657,6
Benef.contr./Paro rexistr.	(%) 27,10	25,70	22,62	27,36	26,51	38,03
Benef. subs./Paro rexistr.	19,55	22,89	26,33	18,91	20,48	33,78
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	47,95	50,67	50,63	47,40	48,36	72,79

	2004					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	17.615	4.276	4.289	14.917	41.097	663,1
Nivel asistencial	11.617	3.412	4.610	9.918	29.556	560,0
Renta Activa de Inserción	1.617	593	778	1.439	4.426	39,3
Total	(media mensual) 30.849	8.280	9.676	26.274	75.079	1.262,4
Paro rexistrado (1)	60,9	15,5	17,7	53,3	147,4	1.670,6
Benef.contr./Paro rexistr.	28,92	27,58	24,23	27,99	27,88	39,69
Benef. subs./Paro rexistr.	19,08	22,01	26,04	18,61	20,05	33,52
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	(%) 50,66	53,42	54,67	49,29	50,94	75,57

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

▲ CADRO 3.3.5.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

Como reflicte o **cadro 3.3.5.**, o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, ao contrario do acontecido no ano anterior, aumenta en 2004 en Galicia un 6,4% respecto ao ano precedente, acadando as 75.079 persoas (4.490 beneficiarios máis que en 2003).

Respecto ao tipo de prestación, un 54,7% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 39,4% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 5,9% restante, á renda activa de inserción. As prestacións de nivel asistencial corresponde ao 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2004 foi de 460,50 euros ao mes (451,20 euros/mes en 2003).

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 3.3.5.** amosa que tódalas provincias galegas experimentaron unha medra no número de beneficiarios de prestacións por desemprego, sendo Pontevedra a que presentou o maior incremento, con 1,6 miles de beneficiarios máis, fronte aos 1,5 miles de beneficiarios máis en A Coruña e os 0,8 e 0,7 miles de persoas máis en Ourense e Lugo. O número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña foi de 30,9 miles de persoas, fronte ás 26,3 miles de persoas de Pontevedra, e os 9,7 e 8,3 miles de beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego, que mide a relación entre perceptores e o paro rexistrado, ao igual que o acontecido no conxunto do Estado, medra no ano 2004 en Galicia ata o 50,9% (48,4% no ano anterior). En España, esta relación acada o 75,6% en 2004 fronte ao 72,8% do ano anterior. A provincia de Ourense sitúase como a provincia coa taxa de cobertura máis elevada, co 54,7% (50,6% en 2003), seguíndolle Lugo, co 53,4% (50,7% en 2003).

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2004: beneficiarios e pagos

	Beneficiarios		Importe total pagado		Importe medio	
	Beneficiarios da Risga	Concesións das AES	Risga	AES	Risga	AES
			(en miles de €)		(en €)	
A Coruña	1.844	397	561,1	276,1	304,28	695,42
Lugo	464	285	129,5	328,2	279,06	1.151,67
Ourense	559	282	158,6	377,0	283,79	1.336,83
Pontevedra	1.306	783	373,8	592,0	286,23	756,04
Total	4.173	1.747	1.223,0	1.573,3	293,08	900,56

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

CADRO 3.3.6. ►

CADRO 3.3.7. ▼

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2003-04

	2003			2004		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	6.202	2.942	3.260	5.710	2.588	3.122
presentadas no ano	5.697	2.737	2.960	5.022	2.262	2.760
pendentes do ano anterior	505	205	300	688	326	362
solicitudes resoltas	5.827	2.796	3.031	4.733	2.050	2.683
estimadas	3.829	1.962	1.867	3.223	1.476	1.747
desestimadas	1.998	834	1.164	1.510	574	936
solicitudes present. / resoltas (%)	94,0	95,0	93,0	82,9	79,2	85,9

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

O devandito **cadro 3.3.5.** reflicte un incremento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 26,5% de 2003 aos 27,9% do ano 2004, descendendo a relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (20,5% no ano 2003 e 20,1% en 2004).

RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2004 ascendeu a 4.173 persoas, 326 beneficiarios menos que no mesmo período do ano 2003, das que 1.278 persoas perciben o subsidio básico e 2.895 beneficiarios o devandito subsidio básico máis, alomenos, un complemento familiar. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no ano 2004 a 12.519 galegos.

No que ao perfil dos preceptores da Risga en 2004 se refire, ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (66,2% dos beneficiarios en 2004), da residencia no medio urbano (o 80,25% dos preceptores residen en núcleos de máis de dez mil habitantes), e o predominio dos beneficiarios con idades comprendidas entre 35 e 44 anos e entre 25 e 34 anos (32% e 28%, respectivamente). En xeral, o nivel de estudos destes preceptores é moi baixo, xa que un 50% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 36% estudos primarios e un 5% dos beneficiarios son analfabetos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientar o desemprego, xa que o 85% dos beneficiarios da Risga son persoas paradas que traballaron algunha vez.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2003-04: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais

	Risga		Axudas de emerxencia social		Total	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
A Coruña	1.139	908	878	765	2.017	1.673
Lugo	329	266	409	404	738	670
Ourense	329	252	502	469	831	721
Pontevedra	940	836	1.171	1.122	2.111	1.958
Total	2.737	2.262	2.960	2.760	5.697	5.022

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

◀ CADRO 3.3.8.

O **cadro 3.3.6.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.223 miles de euros, polo que, dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 293,1 euros (286,76 euros no ano anterior).

No ano 2004, das 2.588 solicitudes a resolver (326 delas, pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.050 solicitudes (1.476 estimadas e 574 denegadas), polo que a porcentaxe de resolución foi do 79,2% (**cadro 3.3.7.**).

No concernente ás **axudas de emerxencia social**, ao longo do 2004 concedéronse un total de 1.747 AES, o que implicou un gasto de 1.573,3 miles de euros. A contía media destas axudas por concesión ascendeu a 900,56 euros, explicándose a diferenza existente entre os importes medios nas provincias galegas polo feito de que en A Coruña a maioría das AES son concedidas para cubrir as necesidades primarias (dúas veces o importe do subsidio básico), en tanto que nas outras tres provincias prevalece a cobertura de gastos da vivenda en xeral (tres, catro e doce veces o importe do subsidio básico).

Ao longo do ano 2004 houbo un total de 3.122 solicitudes a resolver (362 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 2.683 solicitudes (1.747 estimadas e 936 denegadas), é dicir, o 85,9%.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que o 19,7% reside no medio rural (núcleos de menos de 10.000 habitantes), o predominio do sexo feminino (o 66% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (31% dos perceptores, fronte ao 25% no caso dos grupos de idade entre 25 e 34 anos e o 19% de máis de 55 anos). Asemade, no relativo á súa situación laboral, un 62% corresponde a parados que xa traballaron e un 29% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 61%) seguido da vivenda unifamiliar (27%). Un 53% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 24% reside en vivenda propia, dos que a maior parte están aboando a referida vivenda; finalmente, un 14% dos beneficiarios residen en vivenda cedida en precario. ■